

EXPEDIENTE: 2025/G010/000006

ASUNTO: SESIÓN PLENARIA ORDINARIA SO 17/07/2025

TRÁMITE: CONVOCATORIA

DECRETO: 318/2025

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**
PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: xoves 17 de xullo de 2025

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) DACIÓN EN CONTA:

1. DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
2. DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS CONTRARIAS A REPAROS DO EXERCICIO 2024
3. DACIÓN EN CONTA DE ASUNTOS VARIOS

B) DELIBERACIÓN E ACORDO:

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DOS DÍAS 12/09/2024, 28/11/2024, 06/02/2025, 20/03/2025, 16/04/2025 E 05/05/2025
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL EXERCICIO 2024
6. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE DODRO 2025
7. CONTRATACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS DO CONCELLO DE DODRO: REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN A LICITADOR MELLOR VALORADO

C) MOCIÓNS:

C.1.) MOCIÓNS ORDINARIAS:

8. MOCIÓN DO BNG SOBRE LGTBfobia

- 9. MOCIÓN DO PP EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO
- 10. MOCIÓN DE UNIDADE VECIÑAL DE DODRO DE PLAN DE LIMPEZA
- 11. MOCIÓN DO PSOE PARA A ESIXIR O CESAMENTO DE HOSTILIDADES NA FRANXA DE GAZA

C.2.) MOCIÓNS URXENTES:

D) CONTROL DE GOBERNO:

- 12. ROGOS E PREGUNTAS
- 13. OUTROS MEDIOS DE CONTROL AO LEGALMENTE ESTABLECIDOS

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, informándolles que están á súa disposición os antecedentes dos asuntos a tratar no Portal de Cargos Electos da Sede electrónica do Concello.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís